

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

**6995** *Real decreto 312/2019, do 26 de abril, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Centro de Estudos Xurídicos.*

O Centro de Estudos Xurídicos é un organismo autónomo, adscrito ao Ministerio de Xustiza, con personalidade xurídica diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade xurídica e de obrar e, dentro da súa esfera de competencias, correspóndenlle as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins.

Ten como función principal a organización de cursos selectivos e a formación dos membros da carreira fiscal, dos corpos da Administración de xustiza e do corpo de avogados do Estado, así como a formación especializada na función de policía xudicial das forzas e corpos de seguridade do Estado.

Nos anos transcorridos desde a publicación do Real decreto 1276/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Estatuto do Centro de Estudos Xurídicos, púxose de manifesto a necesidade de revisar a estrutura organizativa do Centro de Estudos Xurídicos de forma que responda dunha maneira máis eficaz e óptima ás necesidades que presenta un centro de estudos encargado da formación de corpos cunha alta formación especializada. O alcance destas modificacións exige a aprobación dun novo estatuto que derroque o anterior, coa finalidade de modernizar as funcións e actividades do Centro de Estudos Xurídicos dentro do proceso de reforma global da Administración de xustiza.

Así mesmo, o novo estatuto busca dar cumprimento tanto ás exixencias de adaptación ás prescricións da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para o cal a súa disposición adicional cuarta concede un prazo de tres anos a partir da súa entrada en vigor, como aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e desta maneira adecualo aos principios contidos na dita norma. Así, cabe subliñar que atende ao principio de necesidade e eficacia ao responder a un obxectivo de interese xeral, como é o de fortalecer a estrutura do organismo encargado da formación dos membros da carreira fiscal e do resto de corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza; cumpre co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para atender a necesidade que se precisa cubrir, e co de seguranza xurídica, xa que se realiza co ánimo de manter un marco normativo estable, predicible, integrado e claro. Dá resposta ao principio de transparencia, por canto que reforza os mecanismos de participación dos diversos colectivos nas previsións formativas do organismo (significativamente a través da Comisión Pedagóxica) e, finalmente, a organización que se propón nesta norma é eficiente no uso dos recursos públicos.

Este real decreto ten como obxectivo potenciar a eficacia na toma de decisións estratéxicas en materia de formación, adaptar parte do contido do Estatuto ás exixencias de aprendizaxe do século XXI e actualizar as referencias normativas e as denominacións dos corpos do sector xustiza.

O novo estatuto aborda estas cuestións a través de medidas no ámbito da estrutura organizativa, mediante a creación de dous órganos sen custo adicional, a redución de estruturas cuxa excesiva composición contribuíu a unha rixidez non desexada e, finalmente, a través da modificación das distintas denominacións presentes no Estatuto do Centro de Estudos Xurídicos.

A eficacia na toma de decisións, na liña iniciada neste sentido polo mencionado Real decreto 1276/2003, do 10 de outubro, conséguese mediante a creación da Dirección de Formación da carreira fiscal e da Comisión Pedagóxica para fomentar con iso, por un lado,

a participación da Fiscalía Xeral do Estado na formación dos fiscais, como demanda o GRECO para potenciar a autonomía funcional do Ministerio Fiscal, dada a singularidade orzamentaria que ten a formación deste colectivo dentro do orzamento do Centro de Estudos Xurídicos, así como, por outro, a presenza no Centro de Estudos Xurídicos do colectivo asociativo de todos os corpos do sector xustiza.

En primeiro lugar, a estrutura actual do Centro de Estudos Xurídicos, en materia de formación, contou unicamente cunha xefatura de estudos e coa propia dirección do centro para planificar as actividades e os plans de estudos de formación inicial e continuada ou de especialización da carreira fiscal, do corpo de letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, así como do restante persoal ao servizo da Administración de xustiza e das forzas e corpos de seguridade do Estado na súa especialización para a función de policía xudicial.

Esta estrutura resulta claramente insuficiente, moi especialmente no contorno actual de alta cualificación da formación e da aprendizaxe no século XXI. Neste sentido, a creación dunha dirección de formación da carreira fiscal, encargada da planificación e dos plans de estudos da carreira fiscal, cobra especial significado na actualidade e pon fin á ausencia inxustificada da Fiscalía Xeral do Estado na que se denomina a «casa dos fiscais», presenza longamente reivindicada pola dita institución.

Seguindo esa mesma liña de introducir aspectos modernizadores na estrutura do centro, creouse a Comisión Pedagóxica, órgano colexiado de carácter asesor, formado por representantes de todos os corpos do sector xustiza aos cales o Centro de Estudos Xurídicos ten encomendada a súa formación, pero tamén, como algo innovador, na súa composición inclúense os representantes das asociacións profesionais. Este órgano pretende ser un foro de intercambio de experiencias, necesidades e propostas no ámbito dunha formación de calidade que, sen dúbida, vai contribuír a promover o compromiso de todas as carreiras, así como a mellora da percepción da calidade da xustiza.

Por último, o novo estatuto tamén inclúe outros aspectos de igual relevancia, tales como a introdución dos principios de transparencia e obxectividade como eixe transversal das decisións do organismo, a actualización, como consecuencia de recentes modificacións normativas, das denominacións dos corpos de servidores públicos no ámbito da xustiza e das referencias normativas que se citan ao longo do real decreto, e o reforzo do carácter autónomo do organismo.

O abeiro legal do presente real decreto encóntrase no artigo 434 da Lei orgánica do poder xudicial e na Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que regula no seu artigo 81 o Centro de Estudos Xurídicos e, na súa disposición derradeira sétima, faculta o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución da referida lei.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Política Territorial e Función Pública, da ministra de Facenda e da ministra de Xustiza, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de abril de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto.*

Apróbase o Estatuto do organismo autónomo Centro de Estudos Xurídicos, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional primeira. *Primeira sesión ordinaria do novo Consello.*

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor do presente real decreto convocarase na súa primeira sesión ordinaria o Consello do Centro de Estudos Xurídicos.

Disposición adicional segunda. *Primeira sesión ordinaria da Comisión Pedagóxica.*

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor do presente real decreto convocarase na súa primeira sesión ordinaria a Comisión Pedagóxica.

Disposición adicional terceira. *Persoal do corpo xurídico militar integrante da Fiscalía Xurídico-Militar.*

Entenderase que as referencias que no presente texto se realizan aos membros da carreira fiscal comprenden tamén o persoal do corpo xurídico-militar integrante da Fiscalía Xurídico-Militar.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1276/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Estatuto do Centro de Estudos Xurídicos.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o titular do Ministerio de Xustiza para ditar cantas disposicións de carácter xeral resulten necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de abril de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
Relacións coas Cortes e Igualdade,  
CARMEN CALVO POYATO

## ESTATUTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO CENTRO DE ESTUDOS XURÍDICOS

### CAPÍTULO I

#### Natureza e funcións

##### Artigo 1. *Natureza e réxime xurídico.*

1. O organismo autónomo Centro de Estudos Xurídicos é un organismo autónomo dos previstos no artigo 98 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, adscrito ao Ministerio de Xustiza a través da Secretaría de Estado de Xustiza.

2. Corresponden ao Ministerio de Xustiza, a través da Secretaría de Estado de Xustiza, a dirección estratéxica, a avaliación e o control dos resultados da súa actividade, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos da Administración xeral do Estado en canto á avaliación e ao control dos resultados dos organismos públicos integrantes do sector público estatal.

3. No ámbito da formación dos membros da carreira fiscal, as competencias anteriores exerceranse logo de proposta da Fiscalía Xeral do Estado.

4. O Centro de Estudos Xurídicos ten personalidade xurídica diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade xurídica e de obrar e, dentro da súa esfera de competencias, correspóndenlle as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins, nos termos establecidos neste estatuto, salvo a potestade expropiatoria.

5. O Centro de Estudos Xurídicos réxese conforme o previsto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial; no Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, aprobado pola Lei 50/1981, do 30 de decembro; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, en xeral, nas normas que desenvolvan as disposicións citadas e aquelas outras que resulten de aplicación aos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.

##### Artigo 2. *Fins.*

1. O Centro de Estudos Xurídicos ten por obxecto desenvolver e executar, en colaboración co Ministerio de Xustiza, as políticas de selección e formación dos funcionarios pertencentes aos corpos dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza. Esta colaboración estenderase tamén á formación continuada dos avogados do Estado no marco dos plans que elabore a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

2. O Centro de Estudos Xurídicos tamén ten por obxecto a colaboración coa Fiscalía Xeral do Estado co fin de proporcionar unha preparación integral, especializada e de alta calidade aos membros da carreira fiscal, así como aos aspirantes a ingresar nela.

3. O Centro de Estudos Xurídicos impartirá anualmente cursos de formación sobre deontoloxía profesional e sobre o principio de igualdade entre mulleres e homes e a súa aplicación con carácter transversal por parte dos membros da carreira fiscal, os corpos dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, avogados do Estado e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza, así como sobre a detección e o tratamento de situacións de violencia de xénero.

4. O Centro de Estudos Xurídicos poderá desenvolver cursos de especialización para profesionais do dereito e subscribir para o efecto convenios con outras entidades públicas ou privadas.

5. O Centro de Estudos Xurídicos poderá desempeñar, igualmente, funcións de documentación e de edición de publicacións.

### Artigo 3. *Funcións e facultades.*

1. Nos termos previstos na lexislación vixente, corresponde ao Centro de Estudos Xurídicos, en colaboración co Ministerio de Xustiza e, de ser o caso, coa Fiscalía Xeral do Estado:

a) A organización e xestión dos cursos selectivos para o acceso á carreira fiscal de acordo cos plans de formación elaborados pola Fiscalía Xeral do Estado.

b) A participación no proceso de selección e a formación inicial dos aspirantes ao ingreso nos corpos dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e, de ser o caso, demais persoal ao servizo da Administración de xustiza a que se refire o artigo 475 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo.

c) A proposta ao Ministerio de Xustiza dos nomeamentos como avogados fiscais ou funcionarios de carreira dos funcionarios en prácticas que superen o correspondente curso selectivo de acceso á carreira fiscal ou aos corpos da Administración de xustiza que correspondan.

d) A organización e xestión da formación continuada e a promoción e realización de estudos, investigacións, publicacións, seminarios e outras actividades que poidan contribuír a mellorar a formación dos membros da carreira fiscal, de conformidade cos plans estratéxicos elaborados pola Fiscalía Xeral do Estado.

e) A formación continuada e especialización dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza, así como, de ser o caso, do persoal a que se refire o artigo 475 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo.

f) A formación continuada e especialización dos avogados do Estado dentro dos plans que elabore a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

g) A colaboración e cooperación na impartición de formación e perfeccionamento a alumnos e profesionais procedentes doutras institucións de análoga natureza do ámbito internacional, así como a profesionais do dereito.

h) A formación complementaria dos membros das forzas e corpos de seguridade do Estado e dos funcionarios dos corpos de Vixilancia Alfandegueira, na súa especialización para a función de policía xudicial, e o outorgamento do diploma previsto nos artigos 39 e 45 do Real decreto 769/1987, do 19 de xuño, sobre regulación da policía xudicial.

i) A promoción e realización de estudos, investigacións, publicacións, seminarios e outras actividades que poidan contribuír a mellorar a formación dos corpos dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza, así como dos avogados do Estado.

j) Expedir os certificados e diplomas de asistencia aos cursos e actividades de formación continuada organizados polo propio Centro de Estudos Xurídicos ou en colaboración con outras institucións, incluídos os que acrediten especialización en materias propias das funcións que desempeñan os membros da carreira fiscal, os letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza, así como dos avogados do Estado.

k) A realización daqueles estudos que lles sexan requiridos polo Ministerio de Xustiza e a Fiscalía Xeral do Estado.

2. Para o cumprimento dos seus obxectivos, o Centro de Estudos Xurídicos poderá:
  - a) Subscribir convenios de colaboración cos órganos correspondentes das comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias.
  - b) Subscribir convenios e manter relacións de colaboración e información recíproca co Consello Xeral do Poder Xudicial, universidades, colexios e asociacións profesionais, administracións públicas e outras institucións, públicas ou privadas, para o desenvolvemento das súas funcións formativas.
  - c) Subscribir, con idéntico fin, convenios e manter relacións de colaboración e información recíproca con institucións similares doutros países, fomentando estudos, plans e programas de intercambio e cooperación internacional.
  - d) Informar, por requirimento dos órganos competentes, sobre a homologación de títulos e diplomas emitidos por outros organismos e entidades e que deban producir os mesmos efectos ou ter a mesma valoración que os emitidos polo Centro de Estudos Xurídicos.

#### Artigo 4. *Sede.*

O Centro de Estudos Xurídicos ten a súa sede en Madrid e desenvolverá as súas actividades en todo o territorio nacional.

## CAPÍTULO II

### Organización

#### Artigo 5. *Órganos de goberno e órganos executivos.*

1. Son órganos de goberno o presidente do Centro de Estudos Xurídicos e o Consello. O presidente do Centro de Estudos Xurídicos será, pola súa vez, presidente do Consello.
2. Son órganos executivos o director e todos aqueles que desempeñen o rango de subdirector xeral.

O director estará asistido por un director de formación da carreira fiscal, un xefe de estudos e un secretario xeral.

#### *Sección 1.ª Do Consello*

#### Artigo 6. *Composición.*

1. O Consello do Centro de Estudos Xurídicos está integrado polo presidente e por sete vogais.
2. O presidente do Consello é a ministra de Xustiza, que poderá ser substituída polo secretario de Estado de Xustiza ou polo subsecretario de Xustiza, por esta orde.

Na falta dos anteriores, exercerá a presidencia o director do Centro de Estudos Xurídicos.
3. Son vogais do Consello:
  - a) A fiscal xeral do Estado.
  - b) Un vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial con competencias en materia de formación.
  - c) O secretario de Estado de Xustiza.
  - d) O fiscal xefe da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado.
  - e) A avogada xeral do Estado-directora do Servizo Xurídico do Estado.
  - f) O director do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.
  - g) A directora do Centro de Estudos Xurídicos.



4. Actuará como secretario do Consello, con voz pero sen voto, o secretario xeral do Centro de Estudos Xurídicos.

#### Artigo 7. *Funcións.*

O Consello do Centro de Estudos Xurídicos ten as seguintes funcións:

- a) Informar sobre os principios básicos dos plans de estudos do Centro de Estudos Xurídicos en materia de formación inicial para o acceso á carreira fiscal, aos corpos de letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e, de ser o caso, demais persoal ao servizo da Administración de xustiza; sobre os criterios xerais que deben rexer os plans anuais de actividades do centro en materia de formación continuada e especialización, e sobre a formación das forzas e corpos de seguridade do Estado na especialización para a función de policía xudicial.
- b) Informar sobre a selección do profesorado do Centro de Estudos Xurídicos.
- c) Emitir informe sobre os exercicios e programas das probas selectivas de acceso aos corpos de letrados da Administración de xustiza, médicos forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza.
- d) Ser informado dos convenios de colaboración a que fai referencia o artigo 3.2.
- e) Aprobar o anteproxecto de orzamento do Centro de Estudos Xurídicos e elevalo ao ministro de Xustiza.
- f) Aprobar a memoria anual do Centro de Estudos Xurídicos e elevala á ministra de Xustiza.

#### Artigo 8. *Convocatoria e réxime xurídico.*

1. O Consello do Centro de Estudos Xurídicos reúne unha vez ao ano, en sesión ordinaria, convocado polo seu presidente. Igualmente, o presidente acordará a convocatoria de cantas sesións extraordinarias resulten necesarias, por propia iniciativa ou por petición de catro vogais ou do director. Neste último suposto, coa solicitude deberase achegar unha proposta de orde do día cos documentos que, de ser o caso, xustifiquen a convocatoria.

2. A orde do día será fixada polo presidente, por proposta do director do Centro de Estudos Xurídicos, que será obrigada. A orde do día incluírá necesariamente o exame das cuestións que motivasen a convocatoria.

3. O réxime de funcionamento do Consello do Centro de Estudos Xurídicos é o previsto na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, sen prexuízo das peculiaridades que contén este estatuto.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Do director*

#### Artigo 9. *Nomeamento.*

A Dirección do Centro de Estudos Xurídicos será desempeñada por un subdirector xeral, nomeado e separado por orde do Ministerio de Xustiza, cos requisitos sinalados no artigo 67 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

#### Artigo 10. *Funcións.*

1. O director exerce a dirección e representación legal do Centro de Estudos Xurídicos. Ten as funcións e competencias que a lexislación vixente atribúe con carácter xeral aos órganos superiores dos organismos autónomos e, en particular, as seguintes:

- a) A execución e dirección da xestión administrativa das actividades e dos plans de estudos do Centro de Estudos Xurídicos elaborados pola Fiscalía Xeral do Estado sobre formación inicial e continuada da carreira fiscal.

- b) A aprobación da planificación estratéxica e por obxectivos do organismo.
- c) A planificación, coordinación e inspección das actividades e dos plans de estudos do Centro de Estudos Xurídicos sobre formación inicial e continuada ou de especialización dos corpos dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, así como, de ser o caso, do restante persoal ao servizo da Administración de xustiza; así mesmo, a planificación da formación das forzas e corpos de seguridade do Estado na súa especialización para a función de policía xudicial e a coordinación das relacións coas institucións que colaboren nesta función.
- d) A proposta ao Ministerio de Xustiza dos nomeamentos como avogados fiscais ou funcionarios de carreira dos funcionarios en prácticas que superen o correspondente curso selectivo de acceso á carreira fiscal ou aos corpos da Administración de xustiza que correspondan.
- e) A presentación ao Consello do Centro de Estudos Xurídicos dos informes sobre os exercicios e programas das probas selectivas para o acceso ao centro dos aspirantes ao ingreso nos corpos de letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza.
- f) A selección dos asistentes aos cursos de formación continuada da carreira fiscal organizados directamente polo Centro de Estudos Xurídicos ou en colaboración con outras institucións, de acordo cos criterios de selección previamente determinados pola Fiscalía Xeral do Estado, así como o nomeamento do persoal docente que interveña nas actividades formativas da carreira fiscal, por proposta da Fiscalía Xeral do Estado, de conformidade cos criterios previamente establecidos nas convocatorias correspondentes e, en todo caso, en condicións de igualdade e publicidade.
- g) A selección dos asistentes aos cursos de formación continuada e de especialización dos corpos de letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza organizados directamente polo Centro de Estudos Xurídicos ou en colaboración con outras institucións, así como a selección e o nomeamento do persoal docente que interveña nas actividades formativas dos corpos de letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza, de acordo cos criterios previamente establecidos nas convocatorias correspondentes e, en todo caso, en condicións de igualdade e publicidade.
- h) A expedición dos certificados, títulos e diplomas acreditativos da asistencia e aproveitamento dos cursos e estudos organizados directamente polo Centro de Estudos Xurídicos ou en colaboración con outras institucións.
- i) A contratación do persoal non funcionario do Centro de Estudos Xurídicos, sen prexuízo das competencias que a lexislación xeral da función pública atribúa a outros órganos.
- j) A subscrición de convenios e acordos con entidades públicas e privadas, nacionais e internacionais, que sexan precisos para o cumprimento da misión do organismo.
- k) A elaboración da memoria anual do Centro de Estudos Xurídicos e a súa presentación ao Consello coas propostas necesarias para o desenvolvemento das funcións do organismo.
- l) A elaboración e presentación ao Consello do Centro de Estudos Xurídicos do anteproxecto de orzamento, así como ordenar os gastos e os pagamentos e render as contas ao Tribunal de Contas por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado.
- m) A xefatura superior do persoal adscrito permanente ou temporalmente ao organismo autónomo, sen prexuízo das competencias que a lexislación xeral sobre función pública atribúa a outros órganos, así como iniciar e, de ser o caso, resolver os procedementos disciplinarios.
- n) O exercicio, como órgano de contratación, das competencias e facultades previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro.



ñ) As demais funcións que lle veñan encomendadas legalmente, lle consignan esta ou outras disposicións, as de réxime interno e todas aquelas que, sendo competencia do Centro de Estudos Xurídicos, non estean expresamente atribuídas ao seu Consello.

2. As resolucións, acordos e actos do director do Centro de Estudos Xurídicos non poñen fin á vía administrativa e contra eles poderase interpor recurso de alzada ante a ministra de Xustiza, conforme o establecido no artigo 82 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Non obstante o anterior, e de acordo co establecido no artigo 44.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, contra as actuacións mencionadas no precepto sinalado como susceptibles de seren impugnadas mediante o recurso especial non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Do director de formación da carreira fiscal*

#### *Artigo 11. Nomeamento.*

O director de formación da carreira fiscal será nomeado e separado pola persoa titular do Ministerio de Xustiza, por proposta da Fiscalía Xeral do Estado, de entre membros da carreira fiscal con máis de dez anos de exercicio, e terá o nivel que se determine na relación de postos de traballo da Secretaría de Estado de Xustiza.

#### *Artigo 12. Funcións.*

O director de formación da carreira fiscal ten as funcións seguintes:

- a) A coordinación, o seguimento e a supervisión da execución dos plans de estudos do Centro de Estudos Xurídicos sobre formación inicial e continuada da carreira fiscal, propostos pola Fiscalía Xeral do Estado.
- b) A avaliación de calidade e resultados das actividades de formación inicial e continuada da carreira fiscal.
- c) A representación do Centro de Estudos Xurídicos en todos aqueles foros, organismos e actividades que concirnan á formación dos membros da carreira fiscal.
- d) A coordinación do persoal docente que interveña nas actividades formativas da carreira fiscal.
- e) A elaboración da proposta do anteproxecto de orzamento para os plans de formación dos membros da carreira fiscal.
- f) A proposta de metodoloxías de formación e o impulso de estudos, investigacións e publicacións que poidan contribuír a mellorar a formación da carreira fiscal, tanto á Fiscalía Xeral do Estado como ao director do Centro de Estudos Xurídicos.
- g) A presidencia da Xunta de Profesores, de conformidade co artigo 18.
- h) A asignación de puntuación, de conformidade co artigo 26.

### *Sección 4.<sup>a</sup> Do xefe de estudos e do secretario xeral*

#### *Artigo 13. Nomeamento.*

O xefe de estudos e o secretario xeral, con categoría de subdirectores xerais, serán nomeados e separados pola ministra de Xustiza, cos requisitos sinalados no artigo 67 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

#### *Artigo 14. Funcións.*

1. Son funcións do xefe de estudos:
  - a) A substitución do director nos supostos de ausencia, vacante ou enfermidade.

b) A asistencia ao director ou ao director de formación da carreira fiscal na planificación da formación inicial, a formación continuada, incluída a de especialización da carreira fiscal e dos corpos dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, así como, de ser o caso, do restante persoal ao servizo da Administración de xustiza, e a formación das forzas e corpos de seguridade do Estado na súa especialización para a función de policía xudicial, así como a coordinación e supervisión da súa execución material.

c) A subministración de información ao director sobre a selección do persoal docente.

d) O auxilio ao director nas tarefas de avaliación dos alumnos que cursasen a formación inicial dos corpos dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, así como, de ser o caso, do restante persoal ao servizo da Administración de xustiza.

e) A asistencia ao director nas tarefas de selección dos asistentes ás actividades de formación continuada e de especialización dos corpos dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, así como, de ser o caso, do restante persoal ao servizo da Administración de xustiza.

f) A preparación dos proxectos de convenios de colaboración con outras administracións públicas, institucións e centros, de acordo coas instrucións recibidas do director e por proposta do director de formación da carreira fiscal en caso de iniciativas relacionadas coa formación dos membros da carreira fiscal.

g) A elaboración do plan anual de publicacións do Centro de Estudos Xurídicos, logo de proposta do director de formación da carreira fiscal en caso de publicacións relacionadas coa formación dos membros da carreira fiscal, para a súa posterior elevación á Comisión Asesora de Publicacións do Ministerio de Xustiza, unha vez aprobado polo director.

h) A supervisión do funcionamento da biblioteca do Centro de Estudos Xurídicos e a proposta ao director das novas adquisicións ou subscricións.

i) Aqueloutras que o director expresamente lle encomende.

2. Son funcións do secretario xeral:

a) Exercer a xestión económico-orzamentaria, contable e patrimonial, así como a responsabilidade da caixa central e das habilitacións de persoal e de servizos.

b) Realizar a proposta de plans estratéxicos e de obxectivos do organismo.

c) Xestionar o persoal adscrito ao Centro de Estudos Xurídicos, sen prexuízo das competencias que corresponden ao director ou a outros órganos administrativos conforme a lexislación vixente.

d) Exercer a xestión administrativa e a custodia de expedientes.

e) Prestar os servizos de asuntos xerais, réxime interior, contratación, información, rexistro e atención ao público.

f) Desempeñar as tarefas derivadas da secretaría do Consello.

g) Calquera outra función que o director expresamente lle encomende.

### *Sección 5.<sup>a</sup> Da Comisión Pedagóxica*

#### *Artigo 15. Composición e funcións.*

1. A Comisión Pedagóxica do Centro de Estudos Xurídicos é un órgano colexiado de transparencia, asesoramento e participación dos intereses asociativos e corporativos na formación do sector xustiza. A súa función principal será realizar recomendacións e informes sobre os programas formativos do Centro de Estudos Xurídicos.

2. A Comisión Pedagóxica está presidida polo director do Centro de Estudos Xurídicos, do cal dependerá. Está composta polos seguintes membros:

a) O director de formación da carreira fiscal.

b) Dous fiscais, designados polo Consello Fiscal.

- c) Dous letrados da Administración de xustiza, designados polo Consello do Secretariado.
- d) Un avogado do Estado, designado polo avogado xeral do Estado.
- e) Un médico forense, designado polo Consello Médico-Forense.
- f) Un facultativo do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, designado polo director nacional deste organismo.
- g) Un representante de cada unha das asociacións profesionais da carreira fiscal e dos corpos dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza, por proposta de cada asociación.

O xefe de estudos actuará como secretario da Comisión Pedagóxica.

3. A Comisión Pedagóxica reúne-se, con carácter ordinario, ao menos unha vez ao ano por convocatoria do seu presidente, e o seu réxime de funcionamento é o regulado na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

### CAPÍTULO III

#### **Persoal docente**

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Do profesorado*

Artigo 16. *Selección, nomeamento e funcións.*

1. Corresponde ao director:

a) O nomeamento do persoal docente que interveña nas actividades formativas da carreira fiscal, por proposta da Fiscalía Xeral do Estado.

b) A selección e o nomeamento do persoal docente que interveña nas actividades formativas dos corpos de letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza.

2. A selección efectuarase de acordo cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade, logo dos trámites exixidos pola lexislación vixente. Non poderán ser seleccionados como profesores dos cursos selectivos de formación inicial aqueles en que concorran as causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

3. O persoal docente ocuparase das tarefas docentes que se lle encomenden consonte os plans de estudos, avaliará o rendemento e aproveitamento dos alumnos, propondrá ao finalizar o curso a cualificación individualizada e informará sobre o desenvolvemento das súas funcións o xefe de estudos ou o director de formación da carreira fiscal no caso dos plans de formación dos membros da carreira fiscal.

Artigo 17. *Réxime xurídico.*

1. As relacións entre o Centro de Estudos Xurídicos e os profesores, a tempo completo ou a tempo parcial, rexeranse por contratos laborais de duración determinada ou por contratos administrativos, de acordo co previsto na lexislación vixente.

2. Tamén poderán desempeñar tarefas docentes os profesores universitarios e os funcionarios da Administración xeral do Estado ou da Administración de xustiza, que percibirán a correspondente indemnización por razón do servizo ou mediante a concesión de comisións de servizo ou como consecuencia dos convenios previstos no artigo 3.2.b).

3. Os profesores en réxime administrativo serán remunerados de conformidade coa normativa aplicable e cos baremos vixentes.

*Artigo 18. Xunta de Profesores.*

1. A Xunta de Profesores estará integrada por aqueles profesores intervinientes en cada un dos cursos de formación inicial, polo coordinador do ensino correspondente, que actuará como secretario, e polo xefe de estudos, baixo a presidencia do director ou do director de formación da carreira fiscal, no caso do curso selectivo dos membros da carreira fiscal, que poderá ser substituído por este. Así mesmo, formarán parte da xunta respectiva os coordinadores dos titores das actividades prácticas a que se refire o artigo seguinte. Para o réxime de funcionamento da Xunta de Profesores aplicarase o disposto na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. A Xunta de Profesores terá carácter consultivo e, para tal efecto, poderá emitir informes e formular observacións e suxestións sobre todos os aspectos relativos á planificación e ao desenvolvemento do curso correspondente.

3. A Xunta de Profesores reunirse cantas veces se considere necesario, logo de convocatoria do director, do director de formación da carreira fiscal no caso do curso selectivo dos membros da carreira fiscal, ou por solicitude da maioría absoluta dos profesores.

*Sección 2.<sup>a</sup> Dos titores e dos seus coordinadores**Artigo 19. Titores e coordinadores.*

1. O director poderá designar titores, de conformidade co previsto no artigo 16, entre membros da carreira fiscal e funcionarios en activo pertencentes ao corpo a que vai dirixido o curso, para que realicen o seguimento das actividades prácticas que deban desenvolver os alumnos do centro. Así mesmo, poderán nomearse un ou varios coordinadores dos titores designados entre membros da carreira fiscal en activo e funcionarios, en igual situación administrativa, de cada un dos corpos a que vaia dirixido o curso de formación.

2. No caso dos cursos selectivos de formación inicial, non poderán ser seleccionados como titores ou coordinadores aqueles en que concorran as causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, respecto dos funcionarios en prácticas que deban avaliar.

3. Os titores e os seus coordinadores remitirán ao xefe de estudos ou ao director de formación da carreira fiscal, no caso do curso selectivo dos membros da carreira fiscal, un informe sobre as actividades prácticas desenvolvidas, o grao de participación nestas dos alumnos e sobre o aproveitamento de cada un deles.

4. Antes do inicio de cada un dos cursos e cantas veces se considere preciso durante o seu desenvolvemento, os titores e os seus coordinadores reuniranse co xefe de estudos, co director de formación da carreira fiscal no caso do curso selectivo dos membros da carreira fiscal e, de ser o caso, co coordinador do correspondente ensino, para perfilar, de acordo co convido na Xunta de Profesores, as directrices xerais do contido, avaliación e metodoloxía das titorías.

5. As tarefas dos titores e dos seus coordinadores serán remuneradas de conformidade coa normativa administrativa aplicable e cos baremos vixentes.

## CAPÍTULO IV

**Acceso e cursos de formación do Centro de Estudos Xurídicos***Sección 1.<sup>a</sup> Da formación inicial**Artigo 20. Acceso dos aspirantes ao ingreso na carreira fiscal.*

As probas selectivas para o acceso ao Centro de Estudos Xurídicos dos aspirantes ao ingreso na carreira fiscal rexeranse polo disposto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, e na Lei 50/1981, do 30 de decembro.

Artigo 21. *Acceso dos aspirantes ao ingreso nos corpos ao servizo da Administración de xustiza.*

1. A selección dos aspirantes aos corpos dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e, de ser o caso, demais persoal ao servizo da Administración de xustiza realizarase mediante convocatoria pública, de acordo cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade, da maneira prevista na lexislación vixente.

2. A ministra de Xustiza, con suxeición ao disposto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, e nas demais disposicións aplicables, aprobará, unha vez oído o propio centro, mediante orde, as normas de convocatoria da oposición, concurso ou concurso-oposición para o acceso ao Centro de Estudos Xurídicos.

Artigo 22. *Cursos de formación inicial.*

1. O curso selectivo teórico-práctico de formación inicial dos aspirantes ao ingreso na carreira fiscal desenvolverase con suxeición ao contido e á duración que se especifiquen no plan de estudos elaborado pola Fiscalía Xeral do Estado.

2. O curso selectivo teórico-práctico de formación inicial dos aspirantes ao ingreso nos corpos dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza desenvolverase con suxeición ao contido e á duración que se especifiquen nos plans de estudos do centro.

3. O contido dos cursos de selección orientarase á adecuada preparación dos aspirantes ao ingreso nos distintos corpos para o desempeño das súas funcións. Esta preparación realizarase a través dunha profundización especializada nos coñecementos teóricos de maior incidencia en cada unha das actividades profesionais e a través da aprendizaxe no exercicio práctico das actuacións e funcións propias destas actividades.

Artigo 23. *Curso teórico-práctico.*

A fase teórico-práctica dos cursos selectivos, que terán carácter multidisciplinar, impartirase no propio Centro de Estudos Xurídicos, sen prexuízo das excepcións que en cada caso se consideren convenientes en función da especialidade técnica da materia obxecto da exposición.

Artigo 24. *Ensinanzas prácticas.*

1. As clases prácticas desenvolveranse en forma sucesiva ou simultánea coas teóricas, conforme as previsións dos plans de estudos do Centro de Estudos Xurídicos. Consistirán na presenza e intervención dos aspirantes no desenvolvemento das funcións propias da carreira ou corpo a que aspiran a ingresar nas fiscalías, oficinas xudiciais ou órganos que se determinen.

2. As actividades prácticas desenvolveranse baixo a supervisión dos titores e coordinadores a que se refire o artigo 19.

Artigo 25. *Requisitos para a superación do curso teórico-práctico de formación inicial.*

1. A superación do curso selectivo require:

a) Non ter deixado de asistir, calquera que fosen as causas, a máis dunha quinta parte das clases, actividades prácticas ou sesións docentes que integran o curso, sen prexuízo do establecido sobre responsabilidade disciplinaria.

b) Unha vez cumprido o requisito anterior, ter obtido no curso teórico-práctico de selección ao menos a puntuación mínima exixida para a superación do proceso selectivo.

c) Non ter sido sancionado coa perda do curso, nin ter perdido a condición de funcionario en prácticas por expediente disciplinario ou como consecuencia de sentenza penal firme.

2. Quen non puidese realizar ou concluír o curso teórico-práctico por causa de forza maior, debidamente xustificada e apreciada pola dirección do Centro de Estudos Xurídicos, poderá incorporarse ao inmediatamente posterior que se convoque da mesma clase, conservando a puntuación obtida na oposición, concurso ou concurso-oposición previo.

3. Os alumnos que non superen o curso, salvo os que fosen obxecto da sanción do artigo 34.1.a), poderán así mesmo incorporarse ao inmediatamente posterior, coa puntuación asignada ao último dos participantes naquel.

4. Nos supostos previstos nos números 2 e 3 deste artigo, quen non supere o curso nesta segunda ocasión perderá todos os seus dereitos ao nomeamento como funcionarios de carreira.

#### Artigo 26. *Forma de cualificación.*

1. A puntuación a que se refire o punto 1.b) do artigo anterior elaborárase na Xunta de Profesores correspondente, con intervención de todos eles, do coordinador do ensino e do xefe de estudos, baixo a presidencia do director ou do director de formación da carreira fiscal no caso do curso selectivo dos membros da carreira fiscal.

2. Para o dito fin computáranse o resultado das probas realizadas para o efecto, as cualificacións individualizadas presentadas por cada un dos profesores, os informes do titor ou titores dos alumnos e a intervención e participación dos aspirantes nas actividades prácticas a que se refire o artigo 24.

3. Así obtida a cualificación global do curso teórico-práctico de selección, farase a media coa lograda por cada alumno na oposición, concurso ou concurso-oposición de ingreso ao Centro de Estudos Xurídicos, resultando desta forma a cualificación definitiva.

#### Artigo 27. *Elección de destinos.*

1. Unha vez finalizado o curso teórico-práctico de selección, o Centro de Estudos Xurídicos elaborará a relación de alumnos que o superasen, ordenada de maior a menor en función da puntuación definitiva do alumno, determinada segundo o disposto no artigo anterior.

2. Comunicaráselles aos alumnos a relación remitida polo Ministerio de Xustiza de prazas vacantes correspondentes ao corpo ou carreira de que se trate.

3. No prazo de cinco días hábiles desde a súa publicación, os aspirantes que superasen o curso de selección solicitarán destino en todas as prazas relacionadas por orde de preferencia, mediante instancia dirixida por conduto do director do Centro de Estudos Xurídicos, ao Ministerio de Xustiza.

4. Entenderase que quen non formulase solicitude ou non solicitase todas as prazas as pide pola orde con que figuran na relación de prazas anunciadas.

#### Artigo 28. *Nomeamento.*

1. Terminado o curso teórico-práctico de selección, o director elevará á ministra de Xustiza a proposta de nomeamento dos aspirantes que superaron o curso xunto coa relación de destinos solicitados segundo a orde da puntuación obtida.

2. O nomeamento e a toma de posesión rexeranse polas disposicións vixentes.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Da formación continuada*

#### Artigo 29. *Convocatoria dos cursos e selección de asistentes.*

1. A convocatoria dos cursos de formación continuada axustárase aos principios de publicidade e igualdade.



2. A convocatoria dos cursos de formación continuada da carreira fiscal desenvolverase de conformidade cos plans e criterios previamente elaborados e definidos pola Fiscalía Xeral do Estado.

3. A convocatoria dos cursos de formación continuada dos corpos dos letrados da Administración de xustiza, avogados do Estado, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza terá en conta as necesidades do servizo, para cuxo efecto se solicitará a información que fose pertinente de autoridades e institucións do Ministerio de Xustiza.

#### Artigo 30. *Desenvolvemento.*

1. Os cursos de formación continuada e de especialización en materias propias das funcións que desempeñan os membros da carreira fiscal, corpos de letrados da Administración de xustiza e médicos forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza terán o contido e a duración que se establezan no plan xeral de actividades do Centro de Estudos Xurídicos.

2. Os directores dos cursos, coordinadores, profesores, relatores ou conferenciantes actuarán coordinadamente co xefe de estudos e co coordinador do ensino correspondente na preparación, impartición e avaliación dos cursos de formación.

3. A superación de cada un destes cursos e a obtención, de ser o caso, do certificado correspondente, exixirá o cumprimento dos requisitos que sobre asistencia ou participación fixe a dirección do Centro de Estudos Xurídicos na convocatoria de tales cursos.

## CAPÍTULO V

### Réxime dos alumnos

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Dos alumnos en réxime de formación inicial*

#### Artigo 31. *Funcionarios en prácticas.*

1. Os aspirantes ao ingreso na carreira fiscal, no corpo de letrados da Administración de xustiza ou no corpo de médicos forenses serán nomeados funcionarios en prácticas polo Ministerio de Xustiza ao inicio do curso selectivo teórico-práctico. Terán dereito ás remuneracións fixadas para estes con carácter xeral e, sempre que superen o curso, ao cómputo do tempo de permanencia no Centro de Estudos Xurídicos para efectos económicos e de cómputo, de ser o caso, de anos de exercicio profesional como xurista.

2. O curso selectivo de formación inicial incluírá un período de prácticas tuteladas que os aspirantes deberán realizar en calidade de funcionarios en prácticas. Durante este período, os funcionarios exercerán funcións de auxilio e colaboración cos titores designados, os cales deberán ser, en todo caso, titulares dos seus respectivos postos de traballo.

3. As resolucións, informes, ditames ou calquera outra actuación escrita cuxa redacción se encomende aos funcionarios en prácticas terán a consideración de borradores ou proxectos e poderán ser asumidos polo titor coas modificacións que este coide pertinentes. Tales documentos serán conservados polo titor, quen os porá á disposición do Centro de Estudos Xurídicos.

4. A condición de funcionario en prácticas dos citados aspirantes manterase ata a toma de posesión como funcionario de carreira, pero extinguirase para aqueles que non superen o curso de selección correspondente, sen prexuízo de que, conforme o disposto no artigo 25, poidan incorporarse ao inmediatamente posterior.

5. A condición de funcionario en prácticas non confire os dereitos propios do corpo ou carreira a que se aspira.

6. Os funcionarios en prácticas terán dereito aos permisos e licenzas previstos con carácter xeral para os funcionarios públicos, pero o seu outorgamento non eximirá en ningún caso do nivel de asistencia mínimo para a superación do curso.

## Artigo 32. *Deberes.*

1. Os funcionarios en prácticas asistirán á sede do Centro de Estudos Xurídicos ou aos lugares onde se desenvolvan as actividades teóricas ou prácticas con suxeición ao calendario e horario establecidos. Levarán a cabo, dentro e fóra do centro, a actuación necesaria para lograr a adecuada preparación para o exercicio da función respectiva mediante o aproveitamento diligente das actividades programadas.

2. As actividades do curso de selección desenvolveranse en réxime de dedicación exclusiva para cada corpo ou carreira e terán, para os efectos disciplinarios, o carácter de función ou servizo público.

3. Os funcionarios en prácticas dependerán xerarquicamente, no ámbito das súas actividades respectivas, da dirección do Centro de Estudos Xurídicos.

## Artigo 33. *Réxime disciplinario.*

1. Os funcionarios en prácticas incorrerán en responsabilidade disciplinaria nos supostos e cos efectos previstos con carácter xeral para os funcionarios da Administración xeral do Estado, sen máis modificacións que as establecidas no artigo seguinte.

2. O procedemento para o exercicio da potestade disciplinaria rexerese polo disposto no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

3. Son órganos competentes para a imposición das sancións disciplinarias:

a) A ministra de Xustiza, para as comprendidas nas alíneas a) e b) do punto 1 do artigo seguinte.

b) O director do Centro de Estudos Xurídicos, para a sanción comprendida na alínea c) do punto 1 do mesmo artigo.

## Artigo 34. *Sancións.*

1. Por razón das faltas cometidas, poderánselles impor aos funcionarios en prácticas as seguintes sancións:

a) Perda da expectativa de ingreso no corpo ou carreira correspondente.

b) Perda do curso.

c) Apercibimento.

2. A sanción da alínea a) do punto anterior só se poderá impor por comisión de falta moi grave.

3. A sanción da alínea b) do punto 1 só se poderá impor por comisión de falta grave ou moi grave.

4. As faltas leves só poderán ser corrixidas coa sanción que sinala a alínea c) do punto 1.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Dos alumnos en réxime de formación continuada*

## Artigo 35. *Réxime xurídico.*

1. Os membros da carreira fiscal e dos corpos dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, avogados do Estado, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza que estean participando en actividades de formación continuada e de especialización no Centro de Estudos Xurídicos continuarán suxeitos ao estatuto persoal e disciplinario propio do seu réxime xurídico.

2. O director do Centro de Estudos Xurídicos, cando proceda, comunicará aos órganos competentes os feitos de relevancia administrativa ou disciplinaria producidos no ámbito do centro e que afecten aqueles funcionarios.

Artigo 36. *Licenzas ou permisos para asistir ao Centro de Estudos Xurídicos.*

A asistencia a cursos ou actividades de formación continuada ou de especialización no Centro de Estudos Xurídicos estará suxeita á obtención da oportuna licenza, comisión de servizos ou permiso do órgano competente con suxeición ao réxime en cada caso aplicable.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Das recompensas*

Artigo 37. *Contido.*

Os alumnos que destacasen nos seus estudos poderán ser obxecto de condecoracións ou mencións honoríficas, para cuxo fin o director acordará o que proceda, en resolución motivada e tras a tramitación do oportuno expediente, suxeito a criterios obxectivos e aos principios de publicidade e transparencia.

## CAPÍTULO VI

### **Réxime patrimonial, orzamentario, económico-financeiro, de contratación e de persoal**

Artigo 38. *Patrimonio e recursos económicos.*

1. O Centro de Estudos Xurídicos disporá, para o cumprimento dos seus fins, dos seguintes bens e recursos:

- a) Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio, así como os produtos e rendas daquel.
- b) As consignacións específicas que teña asignadas nos orzamentos xerais do Estado e as transferencias correntes ou de capital que procedan das administracións ou entidades públicas.
- c) Os ingresos ordinarios e extraordinarios que estea autorizado a percibir, segundo as disposicións aplicables e, en particular, os ingresos procedentes de actividades formativas, de investigación, de edición e publicación relacionadas cos fins do Centro de Estudos Xurídicos.
- d) As subvencións, achegas voluntarias, doazóns, legados e outras achegas de entidades privadas e de particulares.
- e) Calquera outro recurso económico que estea legalmente autorizado a percibir.

2. O réxime patrimonial do Centro de Estudos Xurídicos é o establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e no seu regulamento xeral, aprobado polo Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

Artigo 39. *Ingresos por actividades propias e cesión de espazos.*

1. Os ingresos do Centro de Estudos Xurídicos derivados das súas actividades propias ou da utilización ou cesión de espazos propios ou adscritos do Centro de Estudos Xurídicos terán a natureza de taxas ou prezos públicos, ao abeiro do disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

O Centro de Estudos Xurídicos establecerá ou modificará a contía dos prezos públicos, logo de autorización do Ministerio de Xustiza.

2. Serán ingresos de dereito privado os demais que perciba o Centro de Estudos Xurídicos pola prestación de servizos ou pola realización de actividades que, de acordo coa lei, non teñan natureza tributaria, non constitúan prezos públicos e non deriven do exercicio de potestades administrativas.

Artigo 40. *Réxime orzamentario e económico-financeiro.*

1. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, intervención e control financeiro será o establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Sen prexuízo das funcións atribuídas ao Tribunal de Contas, o control interno da xestión económico-financeira do organismo autónomo corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado e será realizado, nas condicións e nos termos establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, pola Intervención Delegada no organismo, baixo a dependencia orgánica e funcional da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Artigo 41. *Réxime do persoal e de contratación.*

1. O persoal funcionario ou laboral do Centro de Estudos Xurídicos rexerase polo previsto no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e demais normativa reguladora dos funcionarios públicos e normativa laboral.

2. O réxime de contratación é o establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, e demais normativa de desenvolvemento.